

**INFORMACIÓN SOBRE A NOVA ESPECIALIDADE DE
MEDICINA DE URXENCIAS E EMERXENCIAS**

Que centros e unidades están incluídas na nova especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias?


Centros autorizados

<i>Hospitais xerais (servizos de urxencias)</i>	Si
<i>061</i>	Si
<i>Centros de saúde</i>	Non
<i>PACs</i>	Non

Como serán os novos programas formativos das especialidades de Medicina de Urxencias e Emerxencias e de Medicina Familiar e Comunitaria?

	FORMACIÓN COMÚN		FORMACIÓN ESPECÍFICA
Medicina familiar e comunitaria	2 ANOS	+	MÍNIMO 2 ANOS
Medicina de urxencias e emerxencias		+	MÍNIMO 2 ANOS

Acceso específico para as especialidades de Medicina Familiar e Comunitaria e de Medicina de Urxencias e Emerxencias.



Acceso extraordinario ao título de Especialista en Medicina de Urxencias e Emerxencias.

- Para as persoas que acrediten unha prestación de servizos no ámbito da especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias.

a) Acceso directo:

4 anos de experiencia a tempo completo entre o 03/07/2017 e o 03/07/2024

OU

4 anos de experiencia a tempo parcial entre o 03/07/2014 e o 03/07/2024

b) Acceso tras superación dunha proba práctica para as persoas especialistas anteriores á entrada en vigor do real decreto (04/07/2024).

- Proba práctica para médicos/as de familia titulados/as 4 anos antes do 04/07/2024:

2-4 anos de experiencia a tempo completo entre o 03/07/2020 e o 03/07/2024

OU

2-4 anos de experiencia a tempo parcial entre o 03/07/2014 e o 03/07/2024

- Proba práctica para titulados/as nos 3 anos anteriores ao 04/07/2024:

Experiencia MÍNIMA do 50% do tempo transcorrido dende a obtención do título ata o 03/07/2024.

c) Acceso tras superación dunha proba práctica para os futuros especialistas.

- Proba práctica para novos/as titulados/as despois do 04/07/2024 e antes de que remate a 1ª promoción de medicina de urxencias e emerxencias:

Experiencia MÍNIMA do 50% do tempo transcorrido dende a obtención do título.

PRAZOS PARA CONVOCATORIA PROBA PRÁCTICA DA VÍA EXTRAORDINARIA

- **Para o persoal xa titulado a 03/07/2024:** nos 6 meses seguintes á publicación do programa formativo de Medicina de Urxencias e Emerxencias.
- **Para o persoal titulado entre o 04/07/2024 e a 1ª promoción:** nos 9 meses seguintes á finalización da 1ª promoción.



Xullo 2024

